

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 31 de agosto de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

2.- Apertura administrativa

b) Procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizos para a instalación de elementos vexetais e non vexetais para a decoración de Nadal (5.481-106)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento a ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A. (lotes 1 e 2) por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:
 1. LA FIESTA ESCÉNICA, S.L.: deberá presentar o Documento Europeo Único de Contratación (DEUC) esixido na cláusula 8.3 do PCAP debidamente cumprimentado.
 2. ENTERTAINMENT AND LEISURE TECHNOLOGY, S.L. (EVENTUMPRO) (lotes 1 e 2): deberá emendar a solvencia económica e técnica segundo o esixido no apartado 5 do Anexo I -FEC- e cláusula 8.3 do PCAP, pois a que declaran é insuficiente para este contrato; así mesmo, indicarán se posúen a habilitación profesional esixida no apartado 5G do referido Anexo I.

Este anuncio publícase para os efectos sinalados na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares (*"As notificacións practícaranse por medios electrónicos o mesmo día da publicación do seu contido no perfil de contratante. Cando nelas se sinala algún prazo para a práctica dalgunha actuación polo destinatario, este computarase desde a data de publicación no perfil de contratante"*), ao abeiro do previsto na disposición adicional 15ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

O prazo para presentar a devandita documentación remata o día 06 de setembro de 2018.

O enderezo web do Rexistro da sede electrónica do concello de Vigo onde poderán presentar a documentación solicitada é:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/09/2018 13:39

Páxina 1 de 2

Expediente 5481/106

CSV: 27E856-27BEA1-E18CC6-DKPTG8-F28SPQ-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

versión galego:

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>

versión castellano:

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=cas>

Se a documentación é presentada a través do rexistro electrónico, os documentos que a acompañen deberán ser asinados mediante sinatura dixital.

Tamén poderá presentar a documentación de maneira presencial no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, ou a través de calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 , de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O que publicamos para coñecemento xeral e demais efectos.

A secretaria da Mesa de Contratación. Ángela Fernández López
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/09/2018 13:39

Páxina 2 de 2

Expediente 5481/106

CSV: 27E856-27BEA1-E18CC6-DKPTG8-F28SPQ-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>